

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**15764** *Real decreto lei 29/2012, do 28 de decembro, de mellora de xestión e protección social no sistema especial para empregados de fogar e outras medidas de carácter económico e social.*

#### I

A Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, introduciu unha serie de modificacións tendentes a garantir a longo prazo a sustentabilidade do noso sistema de pensións, tomando como referente os compromisos adoptados no marco do Acordo social e económico para o crecemento, o emprego e a garantía das pensións, suscrito con data do 2 de febreiro de 2011 entre o Goberno e os interlocutores sociais, e no cal se abordaba con carácter destacado a anticipación voluntaria na idade de xubilación e importantes modificacións na xubilación parcial. Tamén se avanzaba no paulatino proceso de simplificación e integración de réximes especiais do sistema a que se refire a recomendación sexta do Pacto de Toledo, abordando, para o efecto, e con efectos do 1 de xaneiro de 2012, a integración do réxime especial da Seguridade Social dos empregados de fogar no réxime xeral.

Con posterioridade á dita norma legal, o Goberno, con data do 26 de outubro de 2012, remitiulle á Comisión parlamentaria de seguimento e avaliación dos acordos do Pacto de Toledo un informe no cal analiza a situación da xubilación anticipada con coeficiente redutor e da xubilación parcial e no cal se propón a adopción de novas medidas en relación co réxime xurídico regulador destas prestacións, cuxa implementación motiva a necesidade de suspender temporalmente -durante un prazo de tres meses- a entrada en vigor das modificacións que, respecto da regulación destas modalidades de xubilación, se realizan nos artigos 5, 6 e noutros preceptos concordantes da Lei 27/2011; suspensión que debe operar de modo inescusable o día 1 de xaneiro de 2013, data en que entraban en vigor as modificacións realizadas pola citada Lei 27/2011.

Polo que respecta á integración do réxime especial da Seguridade Social dos empregados de fogar no réxime xeral, que se realizou a través da creación neste último dun específico sistema especial, a súa posta en práctica durante o escaso prazo transcorrido desde o seu establecemento puxo de manifesto a existencia dalgunhas anomalías no seu funcionamento que motivan a necesidade de introducir melloras na súa configuración xurídica. Modificacións que, ben que afectan a esfera de regulación dos actos instrumentais do dito sistema especial -abordando cambios nos regulamentos xerais aplicables para o efecto-, tamén inflúen na consideración, como unha situación singular merecedora dunha regulación específica, dos supostos en que os traballadores presten os seus servizos durante menos de 60 horas mensuais por empregador. Igualmente se procede a modificar as contías das bases de cotización aplicables a este colectivo, avanzando no paulatino proceso de achegamento na forma de determinación de tales bases de acordo coas normas aplicables no réxime xeral.

#### II

O capítulo I deste real decreto lei establece unha serie de medidas no ámbito do sistema especial para empregados de fogar que afectan diversas disposicións de rango legal e regulamentario, nas cales se regula o encadramento, a cotización e a recadación no dito sistema especial.

No seu artigo 1 procédese a modificar os puntos 2.º e 3.º do número 2.a) da disposición adicional trixésimo novena da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

No primeiro dos puntos modificados e co fin de simplificar e equilibrar as bases de cotización no sistema especial para empregados de fogar, establécese para o ano 2013 unha nova escala de cotización cun número de tramos menor que na inicialmente fixada, para 2012, pola disposición adicional trixésimo novena da Lei 27/2011, do 1 de agosto. Esta escala, que queda fixada a partir do 1 de xaneiro de 2013, será de aplicación preferente respecto á considerada na Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.

Pola súa banda, a reforma do punto 3.º do número 2.a) da disposición adicional trixésimo novena da Lei 27/2011, do 1 de agosto, complementa a efectuada respecto ao punto 2.º do mesmo número, co obxecto de acomodar á nova escala de tramos de bases de cotización as previsións que no dito punto 3.º se efectúan respecto á cotización neste sistema especial durante os anos 2013 ao 2018.

Os artigos 2, 3 e 4 deste real decreto lei adaptan distintos preceptos dos regulamentos xerais sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social e de recadación da Seguridade Social, en desenvolvemento e aplicación da integración do réxime especial dos empregados de fogar no réxime xeral da Seguridade Social, efectuada pola disposición adicional trixésimo novena da Lei 27/2011, do 1 de agosto.

Entre as reformas incorporadas nos regulamentos xerais indicados destaca especialmente a consideración como suxeitos responsables do cumprimento das obrigas en materia de afiliación, altas, baixas e variacións de datos, así como de cotización e recadación, de determinados empregados de fogar incluídos no sistema especial, no suposto de que presten os seus servizos durante un tempo inferior a 60 horas mensuais por fogar familiar e así o acorden cos seus respectivos empregadores, co fin de axilizar e facilitar a realización de tales actuacións cando as tarefas domésticas se realicen durante un escaso número de horas.

A documentación correspondente a esas actuacións en materia de encadramento deberá ir asinada, en todo caso, polos titulares do fogar familiar, os cales tamén poderán solicitar as baixas dos seus empregados en caso de extinción da relación laboral.

Así mesmo, cando o acordasen cos empregadores, tales empregados de fogar pasarán a ser os responsables da liquidación e do ingreso da totalidade da cotización correspondente a estes, tanto das achegas propias coma das relativas aos empregadores aos cales lles presten os seus servizos. Nestes supostos, os empregadores quedarán obrigados a entregar aos traballadores, no momento de aboarlles a súa retribución, a parte de cota que corresponda á achega empresarial e serán responsables subsidiarios do ingreso da cotización empresarial de se incumprir o aboamento da cotización, salvo que acrediten o pagamento da súa achega ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A medida descrita vese complementada coas contidas na disposición adicional segunda e na disposición transitoria única deste real decreto lei.

En virtude da primeira das ditas disposicións, os beneficios na cotización recoñecidos pola lexislación vixente a favor dos empregadores de fogar non resultarán de aplicación cando os propios empregados asuman o cumprimento das obrigas indicadas.

Pola súa vez, a disposición transitoria única permite a aplicación do novo réxime de cumprimento de obrigas en materia de Seguridade Social aos empregados de fogar que presten os seus servizos durante menos de 60 horas mensuais e que xa figuren en alta no réxime xeral da Seguridade Social na data de entrada en vigor desa medida.

### III

No capítulo II adóptanse outras medidas relevantes no ámbito da Seguridade Social. En concreto, o artigo 5 refírese ao incremento das pensións e outras prestacións públicas e os artigos 6 e 7 a varios aspectos dos complementos por mínimos.

O Real decreto lei 28/2012, do 30 de novembro, de medidas de consolidación e garantía do sistema da Seguridade Social, por medio do punto un do seu artigo segundo, procedeu a deixar sen efecto para o exercicio 2012 a actualización das pensións nos

termos previstos no número 1.2 do artigo 48 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social e no parágrafo segundo do artigo 27.1 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril.

Pola súa banda, mediante o punto dous do mesmo artigo segundo suspéndese para o exercicio 2013 a aplicación do previsto no número 1.1 do artigo 48 da Lei xeral da seguridade social, así como no parágrafo primeiro do número 1 do artigo 27 da Lei de clases pasivas do Estado.

Malia o anterior, a disposición adicional segunda do Real decreto lei 28/2012, do 30 de novembro, establece para as pensións aboadas polo sistema da Seguridade Social, así como de clases pasivas, un incremento en 2013 do un por cento, tomando como referencia a contía legalmente establecida en 31 de decembro de 2012.

Este incremento, de acordo co establecido no segundo parágrafo da citada disposición adicional segunda do Real decreto lei 28/2012, do 30 de novembro, será do dous por cento para todas aquelas pensións que non superen os 1.000 euros mensuais ou 14.000 euros en cómputo anual.

Non obstante, para a correcta aplicación do incremento por tramos de contía establecido nos citados preceptos legais, co fin de evitar o efecto que produce aplicar diferentes incrementos en contías de pensión moi próximas a 1.000 euros mensuais, cómpre establecer normas específicas coa finalidade de manter a orde das pensións preexistente á aplicación deste.

Igualmente, inclúese como anexo un cadro actualizado das contías de determinadas pensións e prestacións aplicables en 2013.

Neste sentido, débese ter en conta que as normas contidas neste real decreto lei sobre materias relativas á Seguridade Social que así mesmo estean recollidas na Lei 17/2012, do 27 de setembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, serán de aplicación preferente con respecto a estas últimas.

#### IV

A disposición adicional primeira prevé a suspensión da aplicación de determinados preceptos da Lei 27/2011, do 1 de agosto, relativos á xubilación anticipada e á xubilación parcial.

O Goberno remitiulle o 26 de outubro de 2012 á Comisión parlamentaria de seguimento e avaliación dos acordos do Pacto de Toledo dous informes sobre a sustentabilidade do sistema público de pensións.

O primeiro informe contén unha análise sobre a situación da xubilación anticipada con coeficiente redutor e da xubilación parcial. O segundo informe versa sobre a compatibilidade entre a percepción da pensión de xubilación e a realización dunha actividade por conta allea ou propia.

Constátase que a xubilación anticipada, que lle permite ao traballador abandonar de xeito prematuro o mercado de traballo, se converteu nunha fórmula de regulación de emprego. Isto foi advertido pola Comisión do Pacto de Toledo e plasmouse nas súas recomendacións, que sinalan que esta situación se debe modificar.

Tamén se constata que a idade media real de xubilación dos españois se sitúa nos 63,47 anos no exercicio 2011 fronte aos 65 anos, que é a idade legal de xubilación que se establece na actualidade. Na actualidade, unha de cada dúas persoas que se xubilan faino anticipadamente, malia que a Comisión do Pacto de Toledo recomendou combater a discriminación por idade no noso mercado laboral restrinxindo ao máximo o abandono prematuro da vida laboral.

Para cumprir con tales recomendacións de achegar a idade real á idade legal de xubilación, o informe inclúe alternativas de reforma para o seu debate no Pacto de Toledo, cumprindo co obxectivo de avanzar no diálogo e no seu debate no seo desta comisión parlamentaria.

Co fin de evitar a existencia de consecutivas normas que poderían operar sobre a mesma materia nun breve espazo de tempo, resulta conveniente proceder á suspensión da entrada en vigor, durante tres meses, da aplicación das modificacións en materia de

xubilación anticipada e parcial recollidas na Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

## V

Por outro lado, o real decreto lei contén unha disposición adicional terceira que permite manter a posibilidade, xa establecida no ano 2012, de financiar parte das accións de fomento do emprego con cargo á cota de formación profesional para o emprego.

A necesidade de mellora continua das accións de fomento do emprego, coa finalidade de se adaptar a unha realidade económica en constante evolución, implica que a flexibilidade na utilización dos fondos que financian as accións de políticas activas de emprego neste exercicio se configure como unha garantía da máxima eficacia na súa execución.

## VI

A disposición derradeira primeira modifica a disposición transitoria sexta bis do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

A disposición adicional primeira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, modificou os números 1 e 2 do artigo 175, así como a disposición transitoria sexta bis, ambos os dous do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño. Esta disposición adicional modificou, con efectos desde o 2 de agosto de 2011, os límites de idade aplicables ás pensións de orfandade, elevando a idade dos beneficiarios, con carácter xeral, desde os 18 ata os 21 anos. Nos casos en que os orfos non traballen, ou os ingresos que obteñan polo traballo non superen o salario mínimo interprofesional, a idade fíxose en 25 anos, ben que, cando sobreviva un dos proxenitores (orfandade simple), o límite de idade se aplicará paulatinamente, pasando dos 22 anos en 2011 ata os 25 anos a partir do 1 de xaneiro de 2014.

Con anterioridade á modificación legal, o límite de idade aplicable aos orfos cunha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33 por cento, estaba situado en 24 anos, mesmo cando sobrevivise un dos seus proxenitores. É dicir, a situación destas persoas con discapacidade estaba equiparada, para os efectos de límite de idade, á orfandade absoluta.

Un baleiro legal da nova redacción legal establecida no artigo 175.1 e 2 e na disposición transitoria sexta bis do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, ao se referir a «cando sobreviva un dos proxenitores», podería conducir á consideración de que, nestes casos de orfos con discapacidade, e durante o período transitorio (2011, 2012 e 2013), se reducise o límite de idade.

É evidente que se a reforma legal elevou con carácter xeral o límite de idade dos beneficiarios das pensións de orfandade, mellorando o acceso á pensión en todos os casos, non existe xustificación ningunha para esta lagoa da lei e, polo tanto, nos casos de orfos con discapacidade, débese manter para estes efectos a súa equiparación cos orfos absolutos, nos mesmos termos que se recollían na redacción da lei con anterioridade á última reforma.

En consecuencia, con fundamento en anteriores equiparacións normativas dos orfos absolutos aos orfos con discapacidade, enténdese que o dito colectivo debe quedar exceptuado da aplicación paulatina do límite de idade, previsto na disposición transitoria sexta bis do texto refundido da Lei xeral da seguridade social para os orfos en que sobreviva un dos proxenitores.

Por este motivo, para unha maior seguridade xurídica e para evitar dúbidas interpretativas non acordes co espírito da reforma levada a cabo recentemente, modifícase a disposición transitoria sexta bis do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

## VII

A disposición derradeira segunda deste real decreto lei modifica o último parágrafo do número 1 do artigo 2 da Lei 18/2007, do 4 de xullo, pola que se procede á integración dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario da Seguridade Social no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, co fin de ampliar o número de exercicios económicos que se deben tomar en consideración para comprobar o cumprimento dos requisitos relativos ás rendas e aos rendementos obtidos das explotacións agrarias, necesarios para o mantemento da inclusión no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, o cal permitirá acreditar aqueles cunha maior flexibilidade.

Pola súa banda, na disposición derradeira terceira efectúanse dúas modificacións da Lei 28/2011, do 22 de setembro, pola que se procede á integración do réxime especial agrario da Seguridade Social no réxime xeral da Seguridade Social, que afectan o número 3 do seu artigo 2 e o número 3 da súa disposición adicional primeira.

Coa reforma do artigo 2.3 da dita lei, a inclusión no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios durante os períodos de inactividade pasa de producirse de forma automática e obrigatoria para todos os traballadores, unha vez cumprido o requisito relativo á realización dun mínimo de xornadas reais, a ter carácter voluntario, de forma que os traballadores agrarios que reúnan o requisito antes sinalado deberán manifestar, así mesmo, a súa vontade expresa de permanecer incluídos no citado sistema especial durante a situación de inactividade.

Pola súa vez, coa modificación do número 3 da disposición adicional primeira do referido texto legal elimínase un dos supostos en que os traballadores agrarios por conta allea procedentes do réxime especial agrario da Seguridade Social poden quedar excluídos do novo sistema especial durante os períodos de inactividade, consistente na falta de realización de xornadas reais durante un período superior a seis meses naturais consecutivos, suposto que resulta prescindible posto que a condición de profesional agrario das persoas que se encontraban incluídas no antigo censo agrario queda acreditada sen necesidade de realizar xornada real ningunha, subsistindo unicamente como suposto para que queden excluídas do sistema especial, durante os períodos de inactividade, a falta do ingreso das cotas correspondentes aos ditos períodos durante dúas mensualidades consecutivas.

## VIII

Por último, no capítulo III adóptanse medidas no sector eléctrico e de hidrocarburos. Co obxecto de corrixir os desaxustes entre os custos do sistema eléctrico e os ingresos obtidos a partir dos prezos regulados, ao longo deste ano adoptáronse unha serie de medidas de carácter urxente.

Así, en primeiro lugar, promulgouse o Real decreto lei 1/2012, do 27 de xaneiro, polo que se procede á suspensión dos procedementos de preasignación de retribución e á supresión dos incentivos económicos para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de coxeración, fontes de enerxía renovables e residuos, que suprimiu os incentivos para a construción das instalacións de tecnoloxías de réxime especial, con carácter temporal, ata a solución do problema do déficit de ingresos do sistema eléctrico.

Posteriormente, o Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, polo que se traspoñen directivas en materia de mercados interiores de electricidade e gas e en materia de comunicacións electrónicas, e polo que se adoptan medidas para a corrección das desviacións por desaxustes entre os custos e ingresos dos sectores eléctrico e gasista, introduciu unha serie de medidas, fundamentalmente de redución de custos, co obxectivo de contribuír a alcanzar o principio de suficiencia tarifaria.

Adicionalmente e de xeito complementario, procedeuse á revisión das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución mediante a Orde IET/843/2012, do 25 de abril, pola que se establecen as peaxes de acceso a partir do 1 de abril de 2012 e determinadas tarifas e primas das instalacións de réxime especial.

Por último, foi aprobado o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, no cal se introducen novas medidas de redución de custos.

Non obstante, os datos comunicados pola Comisión Nacional de Enerxía no seu informe 35/2012, do 20 de decembro, sobre a proposta de orde pola que se establecen as peaxes de acceso a partir do 1 de xaneiro de 2013 e as tarifas e primas das instalacións do réxime especial, poñen de manifesto a aparición, para o último trimestre deste ano, dun novo desaxuste motivado por distintos factores. Por un lado, a redución da demanda foi máis acusada do previsto, a resultas da redución da actividade industrial e do consumo, tendo como consecuencia directa unha menor recadación das peaxes de acceso ás redes. Por outra parte, o sobrecusto do réxime especial viuse incrementado pola entrada en operación con maior présa da esperada das novas centrais que resultaran inscritas no Rexistro de Preasignación de Retribución e por unhas horas de funcionamento superiores ás inicialmente estimadas.

Así mesmo, a aprobación da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, suspende a asunción, para o ano 2013, da parte do extracusto de xeración nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares que se prevía que asumise o orzamento público, o que supón un custo adicional para o sistema con cargo ao ano 2012 de 1.217 millóns de euros.

En definitiva, os ingresos do sistema eléctrico deste ano 2012 están a facer fronte, non só aos custos do sistema durante este ano 2012 condicionados polas circunstancias imprevistas referidas, senón tamén a un desaxuste de 2011 de 1.106 millóns de euros correspondente ao desaxuste reflectido na liquidación definitiva e o 17 por cento do extracusto de xeración dos sistemas insulares e extrapeninsulares como consecuencia da suspensión introducida pola disposición adicional trixésimo oitava da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Por conseguinte, a pesar das medidas adoptadas durante este ano, como consecuencia destas desviacións, prevese que na liquidación definitiva de 2012 existirá un desaxuste entre os ingresos e custos do sistema eléctrico, resultado, como se indicou, do desequilibrio sobrevido aparecido en 2012 e do desaxuste arrastrado de 2011.

Ante esta situación, a alternativa ás medidas que aquí se formulan sería un novo e relevante incremento das peaxes de acceso que recaerían integramente nos consumidores eléctricos. Non obstante, esta opción non se considerou polo grave impacto que tería sobre o consumidor final, que xa veu soportando importantes incrementos nos últimos anos e que debilitaría aínda máis a súa renda dispoñible e a súa competitividade nun contexto de recesión como o presente.

Na excepcionalidade da situación, resulta urxente establecer neste real decreto lei que os desaxustes temporais de liquidacións do sistema eléctrico que se produzan en 2012, polo importe que resulte da liquidación definitiva da Comisión Nacional de Enerxía, terán a consideración de déficit de ingresos do sistema de liquidacións eléctrico para 2012, que xerará dereitos de cobramento que poderán ser cedidos polos seus titulares ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, e isto con carácter adicional aos 1.500 millóns de euros do déficit xa recoñecido na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Esta medida permitirá iniciar o ano 2013 nun escenario de equilibrio no sistema conforme os datos de que actualmente se dispón e que comunicou a Comisión Nacional de Enerxía no seu citado informe 35/2012, do 20 de decembro, de maneira que a orde pola que se fixan as peaxes de acceso para o ano 2013 estableza o orzamento para ese ano considerando exclusivamente os ingresos e custos previstos para ese ano 2013.

Deste xeito, as medidas adoptadas ata a data, conxuntamente coas partidas procedentes dos orzamentos xerais do Estado para 2013 destinadas a cubrir determinadas partidas do sistema eléctrico, permitirán, a partir de 2013, a sustentabilidade económica do sistema eléctrico conforme os datos subministrados pola Comisión Nacional de Enerxía.

Por outro lado, para garantir o obxectivo final para o cal foi establecido o mecanismo de preasignación de retribución para as instalacións de réxime especial, isto é, asegurar un réxime económico baixo o presuposto e a condición da completa execución da instalación nun prazo concreto, introdúcese nesta norma, ademais, unha habilitación para a supresión ou corrección do réxime económico primado en caso de constatación do incumprimento das obrigas que constitúen presuposto esencial da definitiva adquisición de tal réxime económico.

Esta medida adóptase con carácter de urxencia dado que é o 31 de decembro a data en que deberían estar finalizadas algunhas instalacións e resulta imprescindible para a adopción de calquera corrección ou supresión no seu réxime económico en caso de incumprimento. No caso contrario, careceríase dos mecanismos xurídicos suficientes para evitar a corrección do incumprimento das condicións impostas aos perceptores de primas financiadas polo sistema eléctrico.

Por último, no que ao sector gasista concirne, a complexidade inherente á elaboración dunha nova fórmula de determinación dos prezos regulados dos gases licuados do petróleo envasados que concilie adecuadamente o estímulo á competencia e os elementos compensadores a que alude a Sentenza da Sala Terceira do Tribunal Supremo do 19 de xuño de 2012, pola que se declara a nulidade da Orde ITC/2608/2009, do 28 de setembro, pola que se modifica a Orde ITC/1858/2008, do 26 de xuño, impediu a súa aprobación antes do 1 de xaneiro de 2013. Co fin de protexer os consumidores, no tempo breve que mediará ata a elaboración da mencionada fórmula, fronte á alta volatilidade das cotizacións internacionais da materia prima e do frete, xúlgase necesario suspender, mediante este real decreto lei, a aplicación da fórmula de determinación do prezo máximo establecida na Orde ITC/1858/2008, do 26 de xuño, pola que se actualiza o sistema de determinación automática de prezos máximos de venda, antes de impostos, dos gases licuados do petróleo envasados, durante o primeiro trimestre de 2013.

Como consecuencia, o prezo máximo vixente desde o 1 de outubro de 2012 mantense transitoriamente, ata a próxima revisión que se efectúe por resolución do director xeral de Política Enerxética e Minas, de acordo co previsto na disposición derradeira primeira da citada Orde ITC/1858/2008, do 26 de xuño, con efectos do 1 de marzo de 2013.

## IX

A suspensión das modalidades de xubilación parcial e anticipada debe operar de modo inescusable o día 1 de xaneiro de 2013, data en que entraban en vigor as modificacións realizadas pola citada Lei 27/2011, razón que xustifica a extraordinaria e urxente necesidade de regular esta materia a través de real decreto lei, conforme establece o artigo 86 da Constitución española.

Igualmente, a modificación das contías das bases de cotización aplicables aos traballadores integrados no sistema especial de empregados de fogar, avanzando no paulatino proceso de achegamento na forma de determinación de tales bases de acordo coas normas aplicables no réxime xeral, debe facer efecto o día 1 de xaneiro de 2013, o cal xustifica a extraordinaria e urxente necesidade da súa regulación mediante este real decreto lei.

Por outra banda, a disposición derradeira primeira encontra a súa xustificación no feito de que aplicar paulatinamente o límite de idade aos orfos con discapacidade, cando este límite xa o tiñan recoñecido na anterior redacción da Lei xeral da seguridade social, supón excluílos durante o período transitorio do mantemento da prestación de orfandade, producindo, por conseguinte, un prexuízo irreversible, de modo que é preciso aprobar sen demora a regulación con rango de lei que modifique a disposición transitoria sexta bis do texto refundido da citada lei, co fin de clarificar a situación deste colectivo e repor o seu dereito tal como o tiña recoñecido con anterioridade á Lei 27/2011, do 1 de agosto, o que xustifica a urxente necesidade da aprobación da aludida disposición derradeira en virtude do presente real decreto lei.

Como se pode advertir do exposto na epígrafe VII, a reforma relativa aos sistemas especiais agrarios de traballadores por conta allea e por conta propia vai dirixida

fundamentalmente a evitar exclusións de traballadores do sistema especial e, á inversa, ao mantemento dentro do sistema correspondente de traballadores que non teñen o seu medio de vida no ámbito agrario e, por conseguinte, non teñen interese en permanecer integrados neste. As modificacións efectuadas débense realizar neste momento de forma urxente, en especial a relativa ao número 3 da disposición adicional primeira da Lei 28/2011, do 22 de setembro, xa que o mantemento do dito número nos seus actuais termos determinaría, na finalización deste exercicio 2012, a exclusión dun gran número de traballadores procedentes do extinguido réxime especial agrario que teñen xa acreditada a condición de traballadores agrarios por demostraren, no seu momento, o cumprimento dos requisitos de habitualidade e medio fundamental de vida nas súas tarefas, tal como se exixía para quedar incluído nese réxime. Así mesmo, débese pór fin canto antes á permanencia no sistema dos que non teñen vontade de integrarse nel como traballadores agrarios. Por conseguinte, está plenamente xustificado o recurso á modificación dos ditos sistemas mediante real decreto lei.

A necesidade de regular, por un lado, a aplicación por incrementos por tramos de contías establecidos na Lei 17/2012, do 27 de setembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, e no Real decreto lei 28/2012, do 30 de novembro, co fin de evitar o efecto que produce aplicar diferentes incrementos en contías de pensións moi próximas a 1.000 euros mensuais, coa finalidade de manter a orde das pensións preexistente a esta e, por outro lado, razóns de claridade normativa e seguridade xurídica, aconsellan a necesidade de regular tamén neste real decreto lei os complementos por mínimos e os seus requisitos, ofrecendo un tratamento unitario da materia en que se teñan en conta as modificacións legais apuntadas. Ao non existir outra alternativa para a urxente regulación das materias indicadas ante a proximidade do inicio do vindeiro exercicio orzamentario e a necesidade de que esta se deba efectuar mediante norma con rango legal, considérase necesario o recurso á fórmula do real decreto lei.

Por outro lado, a posibilidade de financiar parte das accións de fomento do emprego con cargo á cota de formación profesional para o emprego queda xustificada pola necesidade de que, a partir do 1 de xaneiro de 2013, os servizos públicos de Emprego poidan utilizar os ditos fondos de xeito flexible e coa garantía da máxima eficacia na súa execución. A proximidade desa data xustificaría a extraordinaria e urxente necesidade.

Por último, na adopción do conxunto de medidas do sector eléctrico e de hidrocarburos que se aproban concorren as exixencias de extraordinaria e urxente necesidade requiridas polo artigo 86 da Constitución española, derivadas das razóns xa mencionadas de protección aos consumidores nun contexto de grave crise económica, e a garantía da sustentabilidade económica do sistema eléctrico e gasista, cuxa vixencia inmediata é imprescindible para que a modificación normativa poida ter a eficacia que se pretende.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta dos ministros de Emprego e Seguridade Social, de Facenda e Administracións Públicas e de Industria, Enerxía e Turismo e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de decembro de 2012,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### **Medidas no ámbito do sistema especial para empregados de fogar**

*Artigo 1. Modificación da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.*

Os puntos 2.º e 3.º do número 2.a) da disposición adicional trixésimo novena da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, quedan redactados nos seguintes termos:



«2.º No ano 2013, as bases de cotización por continxencias comúns e profesionais determinaranse conforme a seguinte escala, en función da retribución percibida polos empregados de fogar:

Tramo	Retribución mensual incrementada coa proporción de pagas extraordinarias — €/mes	Base de cotización — €/mes
1.º	Ata 172,05 .....	147,86
2.º	Desde 172,06 ata 268,80 .....	244,62
3.º	Desde 268,81 ata 365,60 .....	341,40
4.º	Desde 365,61 ata 462,40 .....	438,17
5.º	Desde 462,41 ata 559,10 .....	534,95
6.º	Desde 559,11 ata 655,90 .....	631,73
7.º	Desde 655,91 ata 753,00 .....	753,00
8.º	Desde 753,01 .....	790,65

3.º Desde o ano 2014 ata o ano 2018, as retribucións mensuais e as bases de cotización da escala actualizaranse en idéntica proporción ao incremento que experimente o salario mínimo interprofesional en cada un deses anos.»

*Artigo 2. Modificación do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.*

O Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, queda modificado como segue:

Un. Engádesse un novo ordinal 7.º ao número 1 do artigo 10, coa seguinte redacción:

«7.º Respecto dos traballadores incluídos no sistema especial para empregados de fogar establecido no réxime xeral da Seguridade Social, terá a consideración de empresario o titular do fogar familiar, xa sexa efectivamente ou como simple titular do domicilio ou lugar de residencia en que se presten os servizos domésticos. Cando esta prestación de servizos se realice para dúas ou máis persoas que, sen constituír unha familia nin unha persoa xurídica, convivan na mesma vivenda, asumirá a condición de titular do fogar familiar a persoa que teña a titularidade da vivenda que habite ou aquela que asuma a representación de tales persoas, que poderá recaer de forma sucesiva en cada unha delas.»

Dous. Suprímese o número 3 do artigo 10 e pasan os actuais números 4 e 5 do dito artigo a constituír os seus novos números 3 e 4.

Tres. Suprímense os ordinais 2.º e 5.º do número 1 do artigo 16.

Catro. Con efectos desde o 1 de abril de 2013, engádesse un novo número 2 ao artigo 43 e modifícase o actual número 2 dese artigo, que se numera como 3, quedando redactados ambos os dous números nos seguintes termos:

«2. Os traballadores incluídos no sistema especial para empregados de fogar establecido no réxime xeral da Seguridade Social que presten os seus servizos durante menos de 60 horas mensuais por empregador deberán formular directamente a súa afiliación, altas, baixas e variacións de datos cando así o acorden con tales empregadores. Non obstante, estes últimos tamén poderán presentar a solicitude de baixa en caso de extinción da relación laboral.

No suposto previsto no parágrafo anterior, os traballadores deberán formalizar, así mesmo, a cobertura das continxencias profesionais coa entidade xestora ou colaboradora da Seguridade Social da súa elección, salvo que os seus

empregadores xa tivesen aseguradas as ditas contingencias respecto a outros empregados incluídos neste sistema especial, caso en que a citada cobertura correspondería á entidade xestora ou colaboradora elixida polo titular do fogar familiar.

As solicitudes de alta, baixa e variacións de datos presentadas polos empregados de fogar que asumisen a obriga de formular eses actos de encadramento tamén deberán ir asinadas, en todo caso, polos seus empregadores.

As variacións de datos que determinen ou permitan un cambio do suxeito responsable do cumprimento das obrigas a que se refire este punto, e da conseguinte obriga de cotizar ao sistema especial para empregados de fogar, producirán efecto a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel en que se efectúe a súa comunicación.

Nas solicitudes de alta neste sistema especial, ben as formule o empregador ou ben o propio empregado de fogar, deberán figurar, ademais dos datos establecidos con carácter xeral, o código da conta da entidade financeira en que se debe domiciliar o pagamento da cotización e os datos correspondentes ao tipo de contrato de traballo e ao seu contido mínimo, consistente no número de horas de traballo semanais, no importe do salario pactado, tanto por hora realizada como mensual, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias, así como, se é o caso, no importe do salario mensual acordado en especie e na existencia ou non de pacto de horas de presenza e/ou de horas de noite, xunto coa retribución por hora pactada.

3. A afiliación, altas, baixas e variacións de datos relativas a traballadores incluídos nos demais sistemas especiais dos distintos réximes da Seguridade Social suxeitaranse ás formalidades, aos prazos e demais condicións establecidos nas súas normas específicas.»

Cinco. Suprímese o artigo 49.

*Artigo 3. Modificación do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.*

O Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, queda modificado como segue:

Un. Con efectos desde o 1 de abril de 2013, modifícase o número 1 do artigo 11, nos seguintes termos:

«1. A cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais por parte dos empresarios, dos traballadores por conta propia e dos empregados de fogar que asumisen o cumprimento de tal obriga, nos termos establecidos neste regulamento, efectuarase mediante a aplicación dos tipos de cotización que correspondan ás actividades económicas de empresas e traballadores e ás ocupacións ou situacións destes últimos, conforme a tarifa de primas vixente.»

Dous. Con efectos desde o 1 de abril de 2013, engádese un novo artigo 34 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 34 bis. *Cotización no sistema especial para empregados de fogar.*

1. No sistema especial para empregados de fogar establecido no réxime xeral da Seguridade Social, a cotización para todas as contingencias e situacións amparadas pola súa acción protectora rexeráse polo previsto no número 2 da disposición adicional trixésimo novena da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, así

como polas normas das anteriores subseccións, coas particularidades sinaladas nos números seguintes.

2. O empregado de fogar que preste os seus servizos durante menos de 60 horas mensuais por empregador e que acordase con este último a asunción das obrigas en materia de encadramento neste sistema especial, será o suxeito responsable do cumprimento da obriga de cotizar ao dito sistema e deberá ingresar a achega propia e a correspondente ao empregador ou empregadores con que manteña tal acordo, tanto por continxencias comúns como por continxencias profesionais.

Nestes casos, o empregador estará obrigado a entregarlle ao traballador, ademais do recibo de salarios en todo caso, a achega e a cota que, polos días do mes en que estivese ao seu servizo, lle corresponda polas continxencias comúns e profesionais.

A responsabilidade polo incumprimento da obriga de cotizar ao sistema especial para empregados de fogar nestes supostos corresponderá ao propio empregado e, subsidiariamente, ao empregador ou empregadores, salvo que estes acrediten a entrega das súas achegas e cotas por calquera medio admitido en dereito.

3. No suposto previsto no número 2, durante as situacións de incapacidade temporal, maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, a entidade xestora ou colaboradora da Seguridade Social a que corresponda o pagamento do respectivo subsidio descontará deste o importe da totalidade da cotización á Seguridade Social que proceda nas ditas situacións.»

Tres. Suprímese a sección quinta do capítulo II.

Artigo 4. *Modificación do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.*

O Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, queda modificado como segue:

Un. A letra b) do número 2 do artigo 59 queda redactada nos seguintes termos:

«b) Os documentos de cotización correspondentes ao réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos e os relativos ás cotas fixas de convenios especiais, do réxime especial dos traballadores do mar e dos sistemas especiais para traballadores por conta allea agrarios e para empregados de fogar, establecidos no réxime xeral da Seguridade Social, que correspondan a períodos posteriores á presentación da alta nos supostos en que esta proceda.»

Dous. A letra b) do número 1 do artigo 85 queda redactada nos seguintes termos:

«b) Falta de ingreso das cotas relativas a traballadores en alta no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos e das cotas fixas de convenios especiais, do réxime especial dos traballadores do mar e dos sistemas especiais para traballadores por conta allea agrarios e para empregados de fogar, establecidos no réxime xeral da Seguridade Social, así como de calquera outra cota fixa que se poida establecer.»

Tres. Engádese unha nova disposición adicional, a oitava, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava. *Domiciliación do pagamento de cotas no sistema especial para empregados de fogar.*

No sistema especial para empregados de fogar establecido no réxime xeral da Seguridade Social, o ingreso da cotización deberase realizar obrigatoriamente mediante o sistema de domiciliación en conta, aberta nunha entidade financeira autorizada para actuar como oficina recadadora da Seguridade Social.

A modificación da conta en que estea domiciliado o pagamento das cotas deste sistema especial terá efectos o mesmo mes en que se comuniquen, de se formular a comunicación entre os días 1 e 10 de cada mes, e a partir do mes seguinte a aquel en que se comuniquen, de se formular a comunicación entre os días 11 e último de cada mes.»

## CAPÍTULO II

### Outras medidas en materia de seguridade social

#### Artigo 5. *Determinación e incremento das pensións e outras prestacións públicas.*

1. De conformidade coa Lei 27/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, en relación co Real decreto lei 28/2012, do 30 de novembro, de medidas de consolidación e garantía do sistema da Seguridade Social, as pensións aboadas polo sistema da Seguridade Social, así como polo sistema de clases pasivas do Estado, incrementaranse no ano 2013 un un por cento, tomando como referencia a contía legalmente establecida en 31 de decembro de 2012.

Non obstante, as pensións cuxa contía non exceda 1.000 euros mensuais ou 14.000 euros en cómputo anual incrementaranse nun dous por cento.

As pensións cuxa contía estea comprendida entre 1.000,01 euros mensuais ou 14.000,01 euros anuais e 1.009,90 euros mensuais ou 14.138,60 euros anuais incrementaranse na contía necesaria para que a pensión resultante alcance o importe de 1.020,00 euros mensuais ou 14.280,00 euros anuais.

Así mesmo, de conformidade coa Lei 27/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, en relación co Real decreto lei 28/2012, do 30 de novembro, de medidas de consolidación e garantía do sistema da Seguridade Social, incrementaranse nun dous por cento as contías mínimas das pensións do sistema da Seguridade Social e de clases pasivas do Estado, do subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte da Lei 13/1982, do 7 de abril; das asignacións por fillo a cargo discapacitado maior de 18 anos e afectado por unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 65 por cento e das contías fixas do extinguido seguro obrigatorio de velez e invalidez non concorrentes con outras pensións públicas calquera que sexa a data do feito causante, ou as concorrentes con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social ou con calquera outra pensión pública de viuvez.

2. A contía das prestacións económicas de grande invalidez do réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas e das recoñecidas ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro durante a súa minoría de idade como consecuencia da Guerra Civil, así como os importes mensuais das axudas sociais recoñecidas a favor das persoas contaminadas polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH), establecidas nas alíneas b), c) e d) do artigo 2.1 do Real decreto lei 9/1993, do 28 de maio, incrementaranse nun un por cento.

3. As pensións en favor de familiares concedidas ao abeiro da Lei 5/1979, do 18 de setembro, en favor de familiares de falecidos como consecuencia da Guerra Civil, e da Lei 35/1980, do 26 de xuño, de mutilados de guerra ex-combatentes da zona republicana, con excepción das pensións en favor de orfos non incapacitados, así como da Lei 6/1982, do 29 de marzo, sobre retribución básica a mutilados civís de guerra, e as pensións de viuvez do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, sobre recoñecemento de dereitos e servizos prestados a quen durante a Guerra Civil formou parte das Forzas Armadas e de Orde Pública e do corpo de carabineiros da República, calquera que sexa a súa data inicial de aboamento, non poderán ser inferiores á contía mínima das pensións de viuvez dos maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social.

Así mesmo, as pensións en favor de causantes recoñecidas ao abeiro do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, non poderán ser inferiores á contía mínima das pensións de xubilación, con cónxuxe a cargo, dos maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social, calquera que sexa a súa data inicial de aboamento.

4. Quedan exceptuadas dos incrementos establecidos no número 1 deste artigo as pensións públicas seguintes:

a) As pensións aboadas con cargo a calquera dos réximes ou sistemas de previsión enumerados no artigo 42 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1989, cuxo importe íntegro mensual, sumado, se é o caso, ao importe íntegro mensual das outras pensións públicas percibidas polo seu titular, exceda o límite mensual de percepción das pensións públicas establecido no anexo deste real decreto lei.

O disposto no parágrafo anterior non será aplicable ás pensións extraordinarias do réxime de clases pasivas do Estado e da Seguridade Social orixinadas por actos terroristas, nin ás pensións excepcionais derivadas de atentados terroristas recoñecidas ao abeiro do Real decreto lei 6/2006, do 23 de xuño, nin ás pensións recoñecidas en virtude da disposición adicional cuadraxésimo terceira da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

b) As pensións de clases pasivas recoñecidas a favor dos legoeiros do Estado causadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1985, con excepción daquelas cuxo titular só percíbese esta pensión como tal legoeiro.

c) As pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez cando entren en concorrencia con outras pensións públicas, agás cando concorran con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social, ou con algunha destas pensións e, ademais, con calquera outra pensión pública de viuvez. Para estes efectos, non se considerarán pensións concorrentes a prestación económica recoñecida ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, nin a pensión percibida polos mutilados útiles ou incapacitados de primeiro grao por causa da pasada Guerra Civil española, calquera que for a lexislación reguladora, nin o subsidio por axuda de terceira persoa previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, nin as pensións extraordinarias derivadas de actos de terrorismo.

Malia o disposto no parágrafo anterior, cando a suma de todas as pensións concorrentes e as do citado seguro obrigatorio de vellez e invalidez, unha vez revalorizadas aquelas, sexa inferior á contía fixada en 2013 para a pensión de tal seguro concorrente, calculadas unhas e outras en cómputo anual, a pensión do seguro obrigatorio de vellez e invalidez revalorizarase nun importe igual á diferenza resultante. Esta diferenza non ten carácter consolidable e será absorbible con calquera incremento que poidan experimentar as percepcións do interesado, xa sexa en concepto de revalorizacións ou por recoñecemento de novas prestacións de carácter periódico.

d) As pensións das mutualidades integradas no Fondo Especial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado que, en 31 de decembro de 2011, tivesen xa alcanzado as contías correspondentes ao 31 de decembro de 1973.

e) As pensións das mutualidades, montepíos ou entidades de previsión social referidas no artigo 45.dous da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2010.

5. De acordo co establecido na disposición adicional sexta, punto un, do texto refundido da Lei sobre seguridade social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño, as pensións das mutualidades integradas no Fondo Especial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, cando fosen causadas con posterioridade ao 31 de decembro de 2007, experimentarán o 1 de xaneiro do ano 2013 unha redución, respecto dos importes percibidos en 31 de decembro de 2012, do 20 por 100 da diferenza entre a contía correspondente en 31 de decembro de 1978 -ou tratándose do Montepío de Funcionarios da Organización Sindical, en 31 de decembro de 1977- e a que correspondería en 31 de decembro de 1973.

6. Para os efectos do disposto neste artigo, as contías das pensións e prestacións públicas aplicables en 2013 serán as que figuran no anexo deste real decreto lei.

*Artigo 6. Complementos por mínimos nas pensións da Seguridade Social. Límite de ingresos e outros requisitos.*

1. Os complementos por mínimos non teñen carácter consolidable e serán absorbibles con calquera incremento futuro que poidan experimentar as percepcións do interesado, xa sexa en concepto de incrementos ou por recoñecemento de novas prestacións de carácter periódico que dean lugar á concorrencia de pensións. Neste último suposto, a absorción do complemento por mínimo terá efectos desde o día primeiro do mes seguinte á data da resolución de recoñecemento da nova pensión.

2. Os complementos por mínimos serán incompatibles coa percepción polo pensionista de rendementos do traballo, do capital ou de actividades económicas e ganancias patrimoniais, de acordo co concepto de rendimento neto reducido establecido para as ditas rendas no imposto sobre a renda das persoas físicas, ou, de percibilos, que non excedan 7.063,07 euros ao ano.

3. Cando a suma, en cómputo anual, dos rendementos referidos no número anterior e os correspondentes á pensión resulte inferior á suma de 7.063,07 euros máis o importe, tamén en cómputo anual, da contía mínima fixada para a clase de pensión de que se trate, recoñecerase un complemento igual á diferenza, distribuído entre o número de mensualidades en que se devindica a pensión.

4. Entenderase que concorren os requisitos indicados nos números anteriores cando o interesado manifieste que vai percibir durante 2013 rendementos computados na forma sinalada no número 2, por contía igual ou inferior a 7.063,07 euros.

Os pensionistas que ao longo do exercicio 2013 perciban rendas acumuladas superiores ao límite a que se refire o número anterior, estarán obrigados a comunicar tal circunstancia ás entidades xestoras no prazo dun mes desde que se produza.

Para acreditar as rendas e os ingresos, as entidades xestoras da Seguridade Social poderán en todo momento requiririlles aos perceptores de complementos por mínimos unha declaración destes, así como dos seus bens patrimoniais e, de ser o caso, a entrega das declaracións tributarias presentadas.

5. No mínimo asignado ás pensións de grande invalidez estarán comprendidos os dous elementos que integran a pensión: pensión e complemento para a persoa que asiste o grande inválido.

6. Con respecto ás pensións causadas a partir do 1 de xaneiro de 2013, para ter dereito ao complemento para alcanzar a contía mínima das pensións será necesario residir en territorio español. Para as pensións causadas a partir da indicada data, o importe dos ditos complementos en ningún caso poderá superar a contía establecida en cada exercicio para as pensións de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva.

7. Cando a pensión de orfandade se incremente na contía da pensión de viuvez, o límite da contía dos complementos a mínimos só quedará referido ao da pensión de viuvez que xere o incremento da pensión de orfandade.

8. Os pensionistas de grande invalidez que teñan recoñecido o complemento destinado a remunerar a persoa que os atende non resultarán afectados polos límites establecidos no número 6.

9. Cando o complemento por mínimo de pensión se solicite con posterioridade ao recoñecemento daquela, producirá efectos a partir dos tres meses anteriores á data da solicitude, sempre que naquel momento se reunisen todos os requisitos para ter dereito ao mencionado complemento.

*Artigo 7. Complementos por mínimos nas pensións da Seguridade Social en función das diferentes modalidades de convivencia e dependencia económica.*

1. Considerarase que existe cónxuxe a cargo do titular dunha pensión, para os efectos do recoñecemento das contías mínimas establecidas no anexo, cando aquel estea convivindo co pensionista e dependa economicamente del.

Salvo no caso de separación xudicial, presumirase a convivencia sempre que se conserve o vínculo matrimonial, sen prexuízo de que esa presunción se poida destruír pola actividade investigadora da Administración.

Así mesmo, entenderase que existe dependencia económica do cónxuxe cando concorran as circunstancias seguintes:

a) Que o cónxuxe do pensionista non sexa, pola súa vez, titular dunha pensión a cargo dun réxime básico público de previsión social. Enténdense comprendidos no dito concepto os subsidios de garantía de ingresos mínimos e de axuda por terceira persoa, ambos os dous da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, e as pensións asistenciais reguladas na Lei 45/1960, do 21 de xullo.

b) Que os rendementos por calquera natureza do pensionista e do seu cónxuxe, computados na forma sinalada no número 2 do artigo anterior, resulten inferiores a 8.239,15 euros anuais.

c) Cando a suma, en cómputo anual, dos rendementos referidos no parágrafo anterior e do importe, tamén en cómputo anual, da pensión que se vaia complementar resulte inferior á suma de 8.239,15 euros e da contía anual da pensión mínima con cónxuxe a cargo de que se trate, recoñecerase un complemento igual á diferenza, distribuído entre o número de mensualidades que corresponda.

2. Considerarase que existe cónxuxe non a cargo do titular dunha pensión, para os efectos do recoñecemento das contías mínimas establecidas no anexo, cando aquel estea convivindo co pensionista e non dependa economicamente del nos termos previstos no número anterior.

3. Considerarase que o pensionista constitúe unha unidade económica unipersoal, para os efectos da aplicación do previsto na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de seguridade social, cando, acreditando o dereito a complemento por mínimos en atención aos seus ingresos, conforme o disposto no artigo anterior, non se encontre comprendido en ningún dos supostos previstos nos números anteriores deste artigo.

4. Os perceptores de complementos por cónxuxe a cargo estarán obrigados a declarar, dentro do mes seguinte ao momento en que se produza, calquera variación do seu estado civil que afecte a dita situación, así como calquera cambio na situación de dependencia económica do seu cónxuxe.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo precedente, as entidades xestoras da Seguridade Social poderán solicitar, en calquera momento, os datos identificativos do cónxuxe, así como a declaración dos ingresos que perciban ambos os dous cónxuxes.

5. A perda do dereito ao complemento por cónxuxe a cargo terá efectos a partir do día 1 do mes seguinte a aquel en que cesen as causas que deron lugar ao seu recoñecemento.

6. A omisión por parte dos beneficiarios do cumprimento do disposto no artigo 6.4 e no número 4 deste artigo será constitutiva de infracción, a teor do disposto na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo III do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobada polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

### CAPÍTULO III

#### Medidas no sector eléctrico e de hidrocarburos

*Artigo 8. Inaplicación do réxime económico primado para as instalacións de xeración de réxime especial non finalizadas con anterioridade ao prazo límite ou con equipamentos non previstos no proxecto de execución.*

1. O réxime económico primado correspondente para as instalacións de xeración de réxime especial devirá inaplicable se, como consecuencia dunha inspección ou de calquera outro medio válido en dereito, quedase constatado que unha instalación de

xeración de enerxía eléctrica en réxime especial inscrita no Rexistro de Preasignación de Retribución non está totalmente finalizada no vencemento do prazo límite establecido para ser inscrita con carácter definitivo no Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción en Réxime Especial e comezar a venda de enerxía.

Para estes efectos, considerarase que a instalación está totalmente finalizada se conta con todos os elementos, equipamentos e infraestruturas que son necesarios para producir enerxía e vertela ao sistema eléctrico e as súas características se corresponden co proxecto de execución aprobado. En todo caso, entenderase que a instalación non está totalmente finalizada nos seguintes casos:

- a) Se non están totalmente executadas e en servizo todas as infraestruturas de evacuación necesarias para verter a enerxía á rede de distribución ou transporte.
- b) Se non están totalmente executados e en servizo todos os equipamentos xeradores de electricidade.
- c) Se non está instalada e en servizo a totalidade do campo solar, nos casos aplicables.
- d) Se non está operativa a totalidade do almacenamento previsto no proxecto de execución, nos casos aplicables.

2. Sen prexuízo do anterior, aqueles elementos que non estean expresamente reflectidos no proxecto de execución aprobado que deu lugar á inscrición definitiva da instalación non se poderán considerar constitutivos da instalación nin pórse en funcionamento, salvo que se tramite a correspondente modificación do proxecto de execución ante o órgano competente. Neste caso, as instalacións verán corrixido o réxime económico da enerxía imputable ás modificacións realizadas e percibirán o prezo de mercado de produción.

Non obstante, o Goberno poderá establecer regulamentariamente o réxime retributivo específico das instalacións de réxime especial que, con posterioridade ao recoñecemento do seu réxime retributivo, fosen obxecto dunha modificación substancial ou dunha ampliación de potencia.

3. As circunstancias recollidas neste artigo e a conseguinte inaplicación ou modificación, segundo corresponda, do réxime económico primado aplicable ás distintas instalacións serán declaradas pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas logo da tramitación dun procedemento que garantizará, en todo caso, a audiencia ao interesado. O prazo máximo para resolver este procedemento e notificar a súa resolución será dun ano.

*Artigo 9. Prezos máximos de venda, antes de impostos, dos gases licuados do petróleo envasados, en envases de capacidade igual ou superior a 8 kg e inferior a 20 kg, excluídos os envases de mestura para usos dos gases licuados do petróleo como carburante.*

A partir do 1 de xaneiro de 2013, o prezo máximo de venda, antes de impostos, dos gases licuados do petróleo envasados, definidos no punto segundo da Orde ITC/1858/2008, do 26 de xuño, pola que se actualiza o sistema de determinación automática de prezos máximos de venda, antes de impostos, dos gases licuados do petróleo envasados, será o determinado na Resolución do 24 de setembro de 2012, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se publican os novos prezos máximos de venda, antes de impostos, dos gases licuados do petróleo envasados, en envases de capacidade igual ou superior a 8 kg e inferior a 20 kg, excluídos os envases de mestura para usos dos gases licuados do petróleo como carburante, ata a seguinte revisión trimestral prevista para o 1 de marzo de 2013, de conformidade co establecido na disposición derradeira primeira da citada orde.



Disposición adicional primeira. *Suspensión da aplicación de determinados preceptos da Lei 27/2011, do 1 de agosto, relativos á xubilación anticipada e á xubilación parcial.*

1. Suspéndese durante tres meses a aplicación do punto un do artigo 5, dos puntos un e tres do artigo 6 e da disposición derradeira primeira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

De conformidade co establecido no parágrafo anterior, a regulación das modalidades de acceso anticipado á xubilación, así como da xubilación parcial, rexeráse polo establecido na lexislación vixente en 31 de decembro de 2012, ben que as referencias á idade de xubilación ordinaria se entenderán realizadas á contida no artigo 161.1.a) e disposición transitoria vixésima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, na redacción dada, respectivamente, polos puntos un e dous do artigo 4 da Lei 27/2011, do 1 de agosto.

2. Así mesmo, suspéndese durante tres meses a aplicación do previsto no número 3 do artigo 163 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, na redacción dada polo punto cinco do artigo 4 da Lei 27/2011, do 1 de agosto.

3. Suspéndese durante tres meses a aplicación do establecido nas disposicións adicionais vixésimo cuarta, vixésimo sétima e trixésimo cuarta da Lei 27/2011, do 1 de agosto.

Disposición adicional segunda. *Exclusión de beneficios na cotización ao sistema especial para empregados de fogar.*

Os beneficios na cotización recoñecidos pola lexislación vixente a favor dos empregadores de fogar non resultarán de aplicación no suposto en que os empregados de fogar que presten servizos durante menos de 60 horas mensuais por empregador asuman o cumprimento das obrigas en materia de encadramento, cotización e recadación no dito sistema especial, nos termos previstos nos artigos 43.2 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, e 34 bis do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.

Disposición adicional terceira. *Flexibilidade na aplicación dos fondos destinados ao fomento do emprego.*

No exercicio 2013, con carácter excepcional e logo de informe do Servizo Público de Emprego competente, poderase aplicar ata un máximo do 20 por cento dos fondos que inicialmente se vaian destinar, conforme a Lei 27/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, a financiar as accións formativas dirixidas prioritariamente a traballadores desempregados e os programas públicos de emprego-formación, á realización de accións de fomento do emprego, sempre que estean incluídas no Plan anual de política de emprego e que nelas participen persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego.

Disposición transitoria única. *Asunción de obrigas da Seguridade Social por traballadores xa incluídos no sistema especial para empregados de fogar establecido no réxime xeral da Seguridade Social.*

Os traballadores que figuren incluídos no sistema especial para empregados de fogar na data de entrada en vigor do punto catro do artigo 2 e do punto dous do artigo 3 deste real decreto lei, que presten os seus servizos durante menos de 60 horas mensuais por empregador, poderán asumir o cumprimento das obrigas en materia de encadramento, cotización e recadación no dito sistema, de acordalo así cos seus empregadores.

O citado acordo producirá efectos a partir do día primeiro do mes seguinte ao da súa comunicación á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, mediante documento asinado por ambas as dúas partes. Desde entón corresponderalles aos empregados de fogar o

cumprimento das referidas obrigas, con exclusión dos beneficios de cotización que resultasen de aplicación, se é o caso, nos termos previstos por este real decreto lei.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

A disposición transitoria sexta bis do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, queda redactado do seguinte modo:

«Nos casos previstos no número 2 do artigo 175 desta lei, cando sobreviva un dos proxenitores, o límite de idade determinante da condición de beneficiario da pensión de orfandade será aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2014.

Ata alcanzar esa data, o indicado límite será o seguinte:

- a) Durante o ano 2012, de vinte e tres anos.
- b) Durante o ano 2013, de vinte e catro anos.

A aplicación paulatina do límite de idade establecido nos parágrafos anteriores non será de aplicación aos orfos que presenten unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33 por cento, aos cales lles será de aplicación o límite de idade determinante da condición de beneficiario previsto no número 2 do artigo 175 desta lei a partir do día 2 de agosto de 2011.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 18/2007, do 4 de xullo, pola que se procede á integración dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario da Seguridade Social no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.*

O último parágrafo do número 1 do artigo 2 da Lei 18/2007, do 4 de xullo, pola que se procede á integración dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario da Seguridade Social no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, queda redactado nos seguintes termos:

«Para determinar o cumprimento dos requisitos establecidos nas letras a) e b) poderase tomar en consideración a media simple das rendas totais e dos rendementos anuais netos dos seis exercicios económicos inmediatamente anteriores a aquel en que se efectúe a súa comprobación.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 28/2011, do 22 de setembro, pola que se procede á integración do réxime especial agrario da Seguridade Social no réxime xeral da Seguridade Social.*

A Lei 28/2011, do 22 de setembro, pola que se procede á integración do réxime especial agrario da Seguridade Social no réxime xeral da Seguridade Social, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 3 do artigo 2 nos seguintes termos:

«3. Para quedar incluído no sistema especial durante os períodos de inactividade serán requisitos necesarios que o traballador realizase un mínimo de 30 xornadas reais nun período continuado de 365 días e que solicite expresamente a inclusión dentro dos tres meses naturais seguintes ao da realización da última desas xornadas.

Unha vez cumpridos os requisitos sinalados no parágrafo anterior, a inclusión no sistema especial e a cotización a este durante os períodos de inactividade terán efectos a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel en que se presentase a solicitude de inclusión.»

Dous. Modifícase o número 3 da disposición adicional primeira nos seguintes termos:

«3. A exclusión de tales traballadores do sistema especial durante os períodos de inactividade, coa conseguinte baixa no réxime xeral, cando non sexa expresamente solicitada por eles, unicamente procederá no caso de que o traballador non ingrese a cota correspondente aos ditos períodos nos termos sinalados no artigo 2.5.b).2.º desta lei.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

Modifícase a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, nos seguintes aspectos:

Un. Suprímese o primeiro parágrafo do número 1 da disposición adicional vixésimo primeira.

Dous. Modifícase o número 4 da disposición adicional vixésimo primeira, que queda redactado como segue:

«4. Non obstante, para os anos 2009, 2010, 2011 e 2012, o déficit de ingresos previsto na disposición pola que se aprobaron as peaxes de acceso correspondentes non será superior a 3.500 millóns de euros, 3.000 millóns de euros, 3.000 millóns de euros e 1.500 millóns de euros, respectivamente.

Así mesmo, os desaxustes temporais de liquidacións do sistema eléctrico que se produzan en 2010, ata unha contía máxima de 2.500 millóns de euros, e en 2012, no importe que resulte da liquidación definitiva emitida pola Comisión Nacional da Enerxía, terán a consideración de déficit de ingresos do sistema de liquidacións eléctrico para 2010 e 2012, respectivamente, que xerará dereitos de cobramento que poderán ser cedidos polos seus titulares ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación de disposicións regulamentarias.*

As determinacións incluídas en normas regulamentarias que son obxecto de modificación por este real decreto lei poderán ser modificadas no futuro por normas do rango regulamentario correspondente á norma en que figuran.

Disposición derradeira sexta. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.<sup>a</sup>, 17.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre as materias de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas, de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social e das bases do réxime xurídico das administracións públicas e do réxime estatutario dos seus funcionarios, respectivamente.

Non obstante, o disposto nos artigos 8 e 9 e na disposición derradeira cuarta deste real decreto lei ten carácter básico ao se ditar ao abeiro das competencias que corresponden ao Estado, de acordo co artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúen a competencia exclusiva para determinar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira sétima. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltanse o Goberno e os titulares dos ministerios de Emprego e Seguridade Social, de Facenda e Administracións Públicas, e de Industria, Enerxía e Turismo para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de decembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY

### ANEXO

#### Contías de determinadas pensións e prestacións aplicables en 2013

*Cadro de contías mínimas das pensións do sistema da Seguridade Social na súa modalidade contributiva para o ano 2013*

Clase de pensión	Titulares		
	Con cónxuxe a cargo – Euros/ano	Sen cónxuxe: unidade económica unipersoal – Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo – Euros/ano
<i>Xubilación</i>			
Titular con sesenta e cinco anos.	10.904,60	8.838,20	8.383,20
Titular menor de sesenta e cinco anos.	10.220,00	8.267,00	7.812,00
Titular con sesenta e cinco anos procedente de grande invalidez.	16.357,60	13.258,00	12.574,80
<i>Incapacidade permanente</i>			
Grande invalidez.	16.357,60	13.258,00	12.574,80
Absoluta.	10.904,60	8.838,20	8.383,20
Total: titular con sesenta e cinco anos.	10.904,60	8.838,20	8.383,20
Total: titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos.	10.220,00	8.267,00	7.812,00
Total: derivada de enfermidade común menor de sesenta anos.	5.496,40	5.496,40	(*)
Parcial do réxime de accidente de traballo: titular con sesenta e cinco anos.	10.904,60	8.838,20	8.383,20
<i>Viuvez</i>			
Titular con cargas familiares.		10.220,00	
Titular con sesenta e cinco anos ou con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100.		8.838,20	
Titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos.		8.267,00	
Titular con menos de sesenta anos.		6.690,60	

(\*) 55 por 100 da base mínima de cotización ao réxime xeral.

Clase de pensión	Euros/ano
<i>Orfandade</i>	
Por beneficiario.	2.699,20
Por beneficiario discapacitado menor de 18 anos cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100.	5.311,60
Na orfandade absoluta o mínimo incrementarase en 6.690,60 euros/ano, distribuídos, se é o caso, entre os beneficiarios.	
<i>En favor de familiares</i>	
Por beneficiario.	2.699,20
Se non existe viúvo nin orfo pensionistas:	
– Un só beneficiario con sesenta e cinco anos.	6.525,40
– Un só beneficiario menor de sesenta e cinco anos.	6.146,00
– Varios beneficiarios: o mínimo asignado a cada un deles incrementarase no importe que resulte de ratear 3.991,40 euros/ano entre o número de beneficiarios.	

Cadro de contías mínimas das pensións de clases pasivas

Clase de pensión	Titulares		
	Con cónxuxe a cargo – Euros/ano	Sen cónxuxe: unidade económica unipersoal – Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo – Euros/ano
Pensión de xubilación ou retiro . . . . .	10.904,60	8.838,20	8.383,20
Pensión de viuvez . . . . .		8.838,20	
Pensión familiar distinta da de viuvez, onde N é o número de beneficiarios da pensión ou pensións . . . . .		<u>8.612,80</u> N	

Límite de pensión pública: 35.673,68 euros/ano.

Pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez non concorrentes: 5.651,80 euros/ano.

Pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez concorrentes con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social ou con algunha destas pensións e, ademais, con calquera outra pensión pública de viuvez: 5.490,80 euros/ano.

Pensións da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva: 5.108,60 euros/ano.

Prestacións por fillo a cargo maior de 18 anos:

- Cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por 100: 4.378,80 euros/ano.
- Cun grao de discapacidade igual ou superior ao 75 por 100 e necesitado do concurso doutra persoa para a realización dos actos esenciais da vida: 6.568,80 euros/ano.

Subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte: 752,40 euros/ano.